

Expte.: 2023/C003/7

Memoria Xustificativa dos requisitos contemplados no artigo 116 da Lei 9/2017 de contratos do sector público e inicio do expediente de contratación.

Asunto: Contrato da obra denominada “MELLORA DE CAMIÑOS EN REBORDIÑO” financiada pola deputación de A Coruña ao abeiro do programa POS+2023,

1.- Obxecto do contrato

O presente contrato ten por obxecto a realización do proxecto da obra “MELLORA DE CAMIÑOS EN REBORDIÑO”, elaborado polo arquitecto Diego Vázquez González de data 29 de marzo de 2023, cun orzamento de execución de 99.450,00€, IVE incluído, e aprobado por Resolución da Alcaldía número 306/2023 de 4 de abril.

No expediente constan os informes ou autorizacións sectoriais preceptivas ou informe da non necesidade das mesmas

Así mesmo consta a circular da deputación aceptando a inclusión e financiamento do proxecto con cargo ao POS+2023 e a notificación de 6 de novembro de 2023 da Resolución pola que se levantan asa condicións e se aproba definitivamente este investimento

2. Necesidade de contratar

Por Resolución da Presidencia da Deputación de A Coruña núm, 2023/41387, do 2 de novembro, considerouse cumpridas as condicións singulares ás que foi sometido o proxecto no acordo plenario da deputación de A Coruña do 26 de maio de 2023, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal -Plan único de concellos- (POS+) 2023 e o seu Plan Complementario e aprobar definitivamente o investimento do Concello de Muros, “Mellora de Camiños en Rebordiño” toda vez que o concello presentou a documentación xustificativa do seu cumprimento

Xustificase a necesidade de contratar conforme á Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e pola obrigatoriedade do establecido no art. 26 da lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local que establece a obrigatoriedade de servizos mínimos que deben prestar en todo caso os concellos independentemente da súa poboación, entre eles, os de contar co servizo de saneamento, pavimentación das vías e lugares públicos, en condicións de uso adecuado.

O proxecto que se pretende levar a cabo é idóneo para a satisfacción do servizo público mencionado ao realización a mellora de camiños en Rebordiño, carecendo o Concello de Muros de medios humanos, técnicos e materiais para a execución da actuación

Consta no expediente o proxecto en formato dixital da obra “Mellora de camiños en Rebordiño” redactado polo enxeñeiro de camiños, canles portos, Diego Vázquez González de data 29 de marzo de 2023, na que consta as actuacións completas, concretas e necesarias para proceder á execución das obras proxectadas por un importe de 99.450,00€ IVE incluído

3.- Características do contrato

Os traballos contemplados na presente memoria xustificativa, considerando o seu obxecto e a súa natureza, rexeranse polas normas de dereito administrativo, englobándose dentro dun contrato de obras no subgrupo “Obras de primeiro establecemento”, contemplados no artigo 232.1.a) da Lei 9/2017 de Contratos do sector publico. Os criterios xerais que dirixen o proxecto son os previsto no proxecto de obra.

4. Xustificación da non división en lotes

O Artigo 99.3 da LCSP establece a posibilidade de non proceder a división en lotes da obra pola natureza e obxecto do contrato.

Neste caso non procede a licitación por lotes da obra mencionada polo importe da mesma, e que con dita división produciríase un atraso na licitación polas tarefas previas de carácter técnico precisas para a mencionada división e na execución da obra. Asemade tal división suporía un importante custo económico para o concello ao implicar maior dedicación do seu persoal pola necesidade de redactar documentos independentes para cada lote e a realización independente das prestacións dificultaría a execución do contrato.

A dirección técnica das obras complicaríase con dita división debido ao número de contratantes adxudicatarios.

5. Xustificación de que non se altera o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación.

Non se altera o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación. Non existe fraccionamento do obxecto de contrato, xa que na documentación técnica aportada queda clara a unidade funcional do obxecto do mesmo.

6. Xustificación de que non se altera o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación.

Non se altera o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación. Non existe fraccionamento do obxecto de contrato, xa que na documentación técnica aportada queda clara a unidade funcional do obxecto do mesmo.

7. Procedemento de contratación

Segundo o artigo 159 da LCSP nos procedementos abertos todo o empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

Dadas as características da contratación e, en aras de garantir que a contratación se axuste aos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e

transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os candidatos, e de asegurar o obxectivo de estabilidade orzamentaria e control de gasto, considerase máis idóneo que o procedemento de licitación se efectúe mediante procedemento aberto simplificado con un único criterio de valoración, o prezo, xa que se cumpren as condicións establecidas para a súa utilización previstas no artigo 159 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público.

Polo tanto, para este contrato, todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato co licitador.

Escollese este procedemento polos seguintes motivos:

1. O importe da contratación é moi inferior ao límite legal que a LCPS establece para tal procedemento, xa que o valor estimado para este procedemento é de menos de 2.000.000 euros.
- 2 Trátase dun procedemento áxil que permitirá cumprir con mais facilidade os prazos precisos para xustificar a execución do contratos e polo tanto da subvención

8.- Criterios de adxudicación

Dadas as características da actuación considerase conveniente utilizar como único criterio de valoración o prezo

9.- Condicións especiais de execución

Para dar cumprimento ás obrigas establecidas na LCSP respecto ás condicións sociais, laborais e medio ambientais en relación coa execución do contrato e vinculadas ao seu obxecto, no sentido do artigo 145.2 LCSP, non sendo directa ou indirectamente discriminatorias ás condicións de execución, o operador económico que resulte adxudicatario poderá optar por levar a cabo durante a execución do contrato, polo menos unha das condicións de execución que se detallaran no prego de cláusulas administrativas particulares

10.- Prazo de duración e prorrogas.

O prazo máximo de execución das obras é de tres meses dende a data da acta de replanteo, segundo o previsto no proxecto técnico, salvo que por circunstancias sobrevidas, imprevistas, ou calquera outra que poida xurdir durante a execución do mesmo se acorde polo órgano de contratación a concesión dunha prórroga que deberá xustificarse motivadamente.

11.- Modificación do contrato

Dadas as características da contratación non se contemplan modificacións.

12.- Orzamento base de licitación, Valor estimado e financiamento

O presuposto de execución do contrato que consta no expediente e que figura no corpo desta memoria, é o seguinte:

Base imponible: 82.190,08€

IVE: 17.259,92€

Total orzamento: 99.450,00€

Incremento 10% aumento medicións: 8.219,01

Valor Estimado: 90.409,09€

Cadro de financiamento

Deputación de A Coruña	Concello de Muros	Total (con IVE)
95.450,00 €	4.000,00 €	99.450,00 €

13. Aplicación orzamentaria.

A adxudicación realizarase co cargo ao saldo de créditos retidos da ampliación o orzamentaria 2023/1532/61900 do estado de gastos do Orzamento municipal do 2021, prorrogado, no RC 220230007551 de data 20 de febrero de 2024 por un importe de 99.450,00€.

14. Requisitos de Solvencia

As solvencias son adecuadas ao especificado na Lei de contratos do sector Público..
En cando a clasificación esixida para considerar acreditada a solvencia, é a de :
Grupo E , subgrupo 1, categoría 1

15. Responsable do contrato

Será responsable do contrato a dirección facultativa da obra.

16. Encargado do seguimento e execución

Será a Alcaldía, a concellería de obras e os servizos técnicos municipais.

17. Certificación da prestación e forma de pagamento.

A prestación pagarase ao contratista contra factura e certificación de obra, unha vez comprobada a efectiva realización das actuacións establecidas na certificación e a conformidade do director de obra.

En base a todo o anterior,

DISPOÑO

PRIMEIRO. Incorporar o informe xurídico do Secretario, que recolla a normativa de aplicación, e o procedemento legal a seguir.

SEGUNDO. Que o Interventor emita informe no que acredite que existe crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a celebración do contrato e a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente, ratificando o órgano competente proposto para contratar.

TERCEIRO. Que se incorpore ao expediente a memoria técnica e se elabore un prego de cláusulas administrativas que conxuntamente establezan todos os elementos necesarios para definir o obxecto da prestación, os criterios de selección e as condicións de execución do obxecto do contrato.

CUARTO. Emitido o anterior informe trasládese ao Secretario co obxecto de que, si procede, emita informe sobre as singularidades que puidera revestir a prestación que se pretende contratar. En caso de resultar necesario, a instancia do Secretario, solicitarase igualmente a información técnica pertinente

Asinado en Muros na data da sinatura electrónica

A Alcaldesa

María Lago Lestón